

Os títulos que acabamos de nomear falan ben claramente de quen é o autor. Eu simplemente vou salientar tres cousas do autor do libro que se vai presentar.

1.- Victorino é un cristián, que é cura e que vive a súa fe desde o dinamismo do misterio da encarnación. Por iso Xesús Cristo, o Evanxeo e toda a realidade que envolve a Galicia son inseparables na súa vida. Fe e galeguidade están xunguidos nunha mesma vivencia. O mesmo título do libro que se presenta é coma un sacramento, coma unha confesión de do seu ser cristián.

2.- O mundo da comunicación. Home de pluma áxil e intelixencia rápida e lúcida. Dialoga cos escritores e estudiosos, pero sabe tamén escribir e ten a preocupación de facelo para que o pobo sinxelo estea formado e informado. A súa longa permanencia na dirección de Irimia, a elaboración de materiais para a formación de militantes cristiáns, a participación en coloquios, charlas, mesas redondas e programas de radio dan bo testemuño desta inqueda.

3.- Victorino ten coma un don recibido a paixón polos pobres. Eu podo dar testemuño disto a través de moitas confidencias e encontros. Ó le-lo presente libro non podo menos de relembra-la nosa viaxe a Ecuador e aquela dura visita á Amazonia onde descubrimos en vivo algúns dos crimes ecolóxicos que se recollen neste libro. O ministerio pastoral de Tori tanto e Lagoa, coma en Xove e agora en Ferrol leva este selo.

Eu non vou falar do seu libro, pois a presentación é competencia dos compañeiros que están na mesa, pero ídesme permitir só unha palabra: o ecoloxismo está na liña da opción polos pobres que é a gran obra da nova creación. A Palabra de Deus ilumina esta realidade actual tan importante pois a creación consiste en facer pasar este mundo desde o caos á plenitude, como di o libro da Xénese e tamén en facer novas tódalas cousas, como conclúe o libro da Apocalipse.

Xosé Kuliro na
presentación de
"Do teu vecindario"
En Ourense 20-X-1998